# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15005257 | IES Ramón Menéndez Pidal | A Coruña | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Latín | 4º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 19 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 21 |

## 1. Introdución

A materia de Latín de 4º da ESO supón unha aproximación á lingua e a cultura e civilización latinas, así coma á súa pervivencia na actualidade. A aprendizaxe de contidos lingüísticos (comprensión de textos latinos, práctica de tradución, análise morfolóxica e sintáctica, etimoloxía, evolución fonética e semántica de termos latinos etc.) implica a análise e a reflexión sobre o funcionamento da lingua latina e sobre as linguas que forman parte do repertorio do alumnado. A inclusión das linguas clásicas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para aprendizaxe permanente permanente, sitúa o latín e o grego como ferramenta para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral, contribuíndo a fomentar a diversidade lingüística e a relación entre linguas desde unha perspectiva democrática e libre de prexuizos. Neste punto, temos que lamentar, e mesmo denunciar, a incongruencia entre o recoñecemento oficial da importancia das linguas clásicas e o seu arrinconamento ou incluso, na práctica, a súa extinción no actual sistema educativo.
O apartado de cultura e civilización permite ao alumnado adentrarse en diversos aspectos da cultura grecolatina: poliítica e sociedade, relixión, mitoloxía, arte e literatura, establecendo vínculos e conexións coa actualidade. Os aspectos históricos e culturais están na base do recoñecemento das nosas orixes e da reflexión sobre as luces e as sombras da nosa herdanza.
Os criterios de avaliación e contidos están organizados en catro bloques:

- "O presente da civilización latina": céntrase na comprensión e análise de textos literarios latinos, establecendo conexións dentro da tradición literaria.
- "Latín e plurilingüismo": pón o acento no estudo do latín tendo en conta o seu enorme valor propedeútico para profundizar no coñecemento das linguas do propio repertorio e para iniciarse na aprendizaxe doutras linguas.
- "Comprensión e interpretación dos textos". Este bloque comprende todas as aprendizaxes necesarias para a comprensión de textos latinos,: lectura, análise sintáctica, comprensión e tradución. Neste apartado deíxase unha marxe ampla ao método activo do latín, para facilitar o uso vivo da lingua.
- "Legado e patrimonio": recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza da civilización latina, apreciando o seu valor como recurso creativo e como testemuño histórico, que é neceserario preservar.

Somos conscientes de que, en non poucas ocasións e lamentablemente, hai que xustificar a relevancia e o sentido dos estudos clásicos. Sendo así a realidade, temos que centrar o estudo da materia dentro do contexto social e cultural actual e cun enfoque multidisciplinar. Por este motivo, aínda que para unha parte do alumnado o estudo da materia limitarase só a este curso, esta proporcionaralle instrumentos e ferramentas de aprendizaxe que, sen dúbida, poderá aplicar noutros ámbitos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente. | 2 | 2-3 | | | | 1 | | 1 |
| OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural. | | 2-3 | 1 | | | | 3 | |
| OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental. | 2 | 1-2 | 1 | | 4 | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín. | 2 | 2-3 | 1 | 2 | | | | |
| OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade. | | 3 | | 1-3 | | 1-4 | | 1-2 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Orixe da lingua latina e a súa diversificación. Marco histórico e xeográfico. | Linguas de orixe indoeuropea. Linguas romances. Rexistros e pronuncias do latín. O uso da lingua latina ao longo da historia. A civilización romana no seu contexto histórico- xeográfico. | 3 | 6 | X | | |
| 2 | Léxico 1. | Principais regras de evolución do latín ao galego e ao castelán. Derivación a partir de prefixos latinos. Significado etimolóxico das palabras. Vocabulario básico de uso frecuente. Latinismos e locucións latinas. | 5 | 6 | X | | |
| 3 | Comprensión e interpretación dos textos 1. | Funcións principais dos casos e estruturas oracionais básicas.<br>Gramática: 1ª e 2ª declinacións (sustantivos e adxectivos). Presente, P. Imperfecto e F. Imperfecto de indicativo dos verbos regulares, de "sum" e de "possum". Comprensión e tradución de textos, retroversión ao latín.<br>"Latine loquimur": aprendizaxe do latín coa metodoloxía dunha lingua moderna. | 15 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | Historia e cultura 1: dende as orixes ata a época imperial. | Cronoloxía e trazos principais. A romanización. A familia romana. Clases sociais. A escravitude. A educación en Grecia e en Roma. | 10 | 8 | X | | |
| 5 | Comprensión e interpretación dos textos 2. | Flexión nominal e verbal: 3ª declinación ( sustantivos e adxectivos). O imperativo. P. Perfecto e P. Pluscuamperfecto. Pronomes persoais e o relativo.<br>Comprensión e tradución de textos, retroversión ao latín.<br>Ampliación do vocabulario básico. "Latine loquimur": descripción escrita e oral da representación artística dun mito. | 20 | 22 | | X | |
| 6 | Léxico 2. | Cambios fonéticos na evolución do latín ás linguas do repertorio do alumnado. Etimoloxías. Composición e derivación. Latinismos. | 5 | 6 | | X | |
| 7 | Historia e cultura 2. | A vivenda. Monumentos da antiga Roma. | 7 | 7 | | X | |
| 8 | Comprensión e interpretación dos textos 3. | Gramática: 4ª e 5ª declinación. Flexión pronominal: pronomes e adxectivos demostrativos, fóricos, de identidade e enfático. Tempos do tema de Presente na voz pasiva.<br>Tradución e análise morfosintáctica de textos. Retroversión ao latín. Práctica de latín coma lingua de uso vivo. | 25 | 25 | | | X |
| 9 | Historia e cultura 3. | Literatura latina: obras fundamentais e pervivencia. | 10 | 10 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Orixe da lingua latina e a súa diversificación. Marco histórico e xeográfico. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos. | Situar cronoloxicamente os períodos da historia de Roma, acontecementos e personaxes relevantes. | PE | 90 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Léxico 1. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Definir etimoloxicamente termos cotiáns, científicos e técnicos. Diferenciar desde o punto de vista fonético e semántico palabras patrimoniais e cultismos. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Comprensión e interpretación dos textos 1. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio. | PE | 99 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | | |
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal. | | |
| CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Explicar o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | TI | 1 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal. |

| Contidos |
|---|
| - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Historia e cultura 1: dende as orixes ata a época imperial. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes. | Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes. | TI | 100 |
| CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina. | Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina. | | |
| CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado. | Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando os procesos de conservación e restauración. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.<br>- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. |

| Contidos |
|---|
| - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Comprensión e interpretación dos textos 2. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | PE | 85 |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, e valorando como contribúen a entender a nosa sociedade. | TI | 15 |
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. |
| - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. |
| - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Léxico 2. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual. | PE | 90 |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, empregando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Definir etimoloxicamente termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos. | | |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Historia e cultura 2. | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | TI | 100 |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | Expoñer de forma oral ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado da civilización romana e a súa perduración no presente, seleccionando información de acordo con criterios de validez, calidade e fiabilidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Comprensión e interpretación dos textos 3. | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | PE | 70 |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. |
| - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. |
| - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |
| - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. |
| - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. |
| - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Historia e cultura 3. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | PE | 30 |
| CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | TI | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | | |
| CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas. | Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas. | | |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | Expoñer de forma oral ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado da civilización romana e a súa perduración no presente, seleccionando informaciónde acordo con criterios de validez, calidade e fiabilidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.<br>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico da materia de Latín recolle os seguintes principios xerais:
- Procurar a motivación do alumnado como motor fundamental da aprendizaxe. Os procedementos que nos axudan a acadar este obxectivo son principalmente: a variedade de actividades propostas; establecer conexións con outras áreas de coñecemento e con temas de actualidade; atender aos intereses individuais coñecendo as afeccións do alumnado; avaliar o ritmo de aprendizaxe do alumnado presentándolles actividades con distinto grado de dificultade. O traballo colaborativo é tamén un

bo recurso para fomentar a motivación e o interese.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita. Ademais das obras de lectura obrigatoria, presentamos ao alumnado unha selección de lecturas extraídas de diversas fontes (pasaxes de obras literarias, artigos de xornais e revistas, blogs etc). A realización de exposicións, seguindo unhas pautas ben marcadas, contribúe tamén á consecución do noso obxectivo, así coma a realización de debates.
- Favorecer a capacidade dunha aprendizaxe autónoma por medio de actividades que incentiven a procura de información. O enfoque que empregamos no desenvolvemento das unidades didácticas ou dos bloques de contidos é partir dos coñecementos do alumnado e potenciar unha aprendizaxe deductiva, evitando no posible as explicacións previas.
- Incidir na comunicación audiovisual e no uso das T.I.C., guiando de xeito rigoroso o traballo do alumnado, para evitar que este se quede na superficialidade ou no mero entretenemento.
- Potenciar o uso vivo do latín cunha metodoloxía semellante á das linguas modernas.
Na materia de Latín de 4 establecemos o seguinte enfoque metodolóxico nos apartados que se mencionan a continuación.
1. Textos latinos: a finalidade é a lectura e comprensión de textos latinos de dificultade graduada, sen apenas interferencias co castelán ou o galego. A lectura vai acompañada de preguntas de comprensión en latín. Traballaremos tamén outros textos focalizados nos contidos gramaticais. Na morfoloxía prescindimos de explicacións exhaustivas, centrándonos no máis produtivo. A análise sintáctica incidirá nas funcións esenciais e será un instrumento que axude ao alumnado a familiarizarse coa estrutura das oracións latinas. En canto ao léxico, o alumnado disporá dun vocabulario básico, pero insistiremos na necesidade de que aprenda as palabras latinas de uso frecuente e que deduza o léxico transparente, establecendo conexións e

paralelismos con outras linguas. As actividades sobre latinismos, aforismos e etimoloxías son así mesmo un instrumento valioso para concienciar ao alumnado da pervivencia do latín e do grego nas nosas linguas.
2. Historia, civilización e cultura: revisaremos contidos tratados xa noutras materias (Ciencias Sociais, Cultura Clásica...) tentando que o alumnado acade un coñecemento sólido do marco histórico - xeográfico e cultural de Roma. Evitaremos en todo momento as exposicións maxistrais, abordando os contidos por medio do traballo en grupo, facendo uso das T.I.C. (investigación, elaboración de presentacións etc.), profundizando en aspectos que resulten interesantes para o alumnado e analizando de forma crítica os referentes institucionais e da vida cotiá do mundo romano.
3. Mitoloxía: Tendo en conta que unha parte do alumnado cursou Cultura Clásica, ofreceremos contidos distintos aos tratados nesta materia ou ben profundizaremos neles. Neste apartado centrarémonos no recoñecemento e análise dos mitos na arte romana e o seu influxo nas artes plásticas e audiovisuais doutras culturas e épocas. O recurso fundamental para abordar estes contidos será tamén o traballo colaborativo: procura de información, elaboración de presentacións... As exposicións só poderán recoller imaxes cun pé que indique os datos da obra seleccionada, para evitar que as presentacións se limiten á lectura do texto das diapositivas.

**4.2. Materiais e recursos didácticos**

| Denominación |
|---|
| 1. Manual de descarga libre de Internet. |
| 2. Materiais elaborados polo Departamento. |
| 3. Aula Virtual. |
| 4. Ordenador de aula e proxector. |

| 5. Programas e aplicacións dixitais. |
|---|

1. O manual con licencia "creative commons" será o documento de traballo básico para os contidos lingüísticos e de Cultura e Civilización. O alumnado deberá dispoñer deste documento impreso ou fotocopiado para o traballo na aula.
2. Proporcionaráselle ao alumnado material elaborado polo Departamento: Selecta de textos, exercicios e actividades de léxico e morfosintaxe, artigos, noticias de actualidade relacionadas co mundo clásico etc.
3. Por medio da Aula Virtual comunicarase ao alumnado información relevante e facilitaráselle material complementario, actividades e exercicios. A Aula Virtual será unhas das vías para a entrega de tarefas e, se fose o caso, a realización de exames.
4. O uso destes recursos é fundamental na práctica cotiá na aula, especialmente en relación cos temas de Historia e Cultura.
5. Farase uso de programas e aplicacións dixitais para a posta práctica de contidos e a elaboración de presentacións.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º da ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Non obstante, o primeiro día de clase o alumnado realizará un cuestionario, para coñecer principalmente os seus hábitos de estudo e intereses, se cursou a materia de Cultura Clásica, coñecementos básicos nas linguas do seu repertorio (morfoloxía e sintaxe), coñecementos sobre a civilización e cultura romana e, por último, a súa motivación por escoller a materia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **3** | **5** | **15** | **10** | **20** | **5** | **7** | **25** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 90 | 100 | 99 | 0 | 85 | 90 | 0 | 70 | 30 | **65** |
| **Táboa de indicadores** | 10 | 0 | 1 | 100 | 15 | 10 | 100 | 30 | 70 | **35** |

**Criterios de cualificación:**

A cualificación de cada avaliación verá determinada polos resultados obtidos en:
A) Probas escritas:
Cara ao final do trimestre faremos unha proba escrita, de carácter global,centrada principalmente nos contidos lingüísticos . Esta proba será cualificada cunha puntuación máxima de 6 puntos. Faremos tamén, periodicamente, controles escritos sobre os contidos lingüísticos (análise morfosintáctica de frases e textos, tradución, retroversión, exercicios de léxico). Os controles, que farán media entre sí, puntúan ata 2 puntos.
B) Tarefas e exposicións:
Ao longo de cada trimestre o alumnado realizará, preferentemente en grupo, tarefas relacionadas cos contidos de Historia e cultura: investigación e selección de información, exposicións. A cualificación deste apartado é de 1.5 puntos.
C) Traballo na aula:
Terase en conta nas cualificacións o traballo na casa e na aula, así coma a participación: realización dos exercicios e as actividades propostas de forma atenta e coidadosa, sen excesivas distraccións. Resposta ás cuestións orais, esforzándose por corrixir gradualmente os erros no proceso de aprendizaxe. A puntuación máxima do apartado é de 0.5 puntos.
Se un alumno/a, por causa xustificada ante a persoa docente, non pode realizar unha proba ou control na data sinalada, deberá facela, como norma xeral, o primeiro día tras a súa incorporación a clase. As faltas de asistencia terán que ser xustificadas nun periodo de 48 horas, presencialmente ou ben a través das canles de comunicación con Centro ou coa profesora.
No caso de ensino semipresencial ou non presencial, o alumnado recibirá información e tarefas a través da Aula Virtual ou de Classroom. As tarefas entregadas para a súa corrección computan o 30% da nota; a proba por medio da Aula Virtual, Drive ou videoconferencia, o 70% restante. A non entrega dunha tarefa será cualificada cun 0.
As cualificacións trimestrais, que superen o medio punto serán redondeadas no seguinte enteiro.
Para obter a cualificación da 3ª avaliación final, farase media aritmética das avaliacións trimestrais.
Na realización das probas escritas, retirarase o exame ao alumnado que utilice materiais ou recursos non permitidos. Neste caso o exame será cualificado cun cero. Así mesmo, as tarefas ou traballos copiados serán cualificados coa nota mínima.

**Criterios de recuperación:**

Non se realizarán probas específicas de recuperación por trimestre. O alumnado cunha ou dúas avaliacións suspensas, pode recuperala/s na avaliación seguinte, xa que, por un lado, os contidos lingüísticos son progresivos e, por outro, no segundo e no terceiro
trimestre incluiranse contidos sobre historia, cultura e civilización de avaliacións anteriores.
No mes de xuño faremos especial fincapé na revisión e reforzo de aprendizaxes mínimas, co obxecto de facilitarlle a recuperación da materia ao alumnado que non foi aprobando as avaliacións ao longo do curso.
Con anterioridade á data da sesión da 3ª avaliación parcial e final, farase unha proba escrita, de carácter global, centrada nas aprendizaxes mínimas. Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e o resultado acadado será a cualificación da 3ª avaliación final. A esta proba tamén poderá presentarse o alumnado coa materia xa aprobada, pero que queira subir nota sen que, no caso de obter unha cualificación inferior, lle baixe a nota.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo co Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, desenvolveranse, de ser necesario, as seguintes medidas de atención á diversidade:
Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración siginificativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que

as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.
Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o
caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.
O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lengua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.
O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un
período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. En coordinación co titor/a e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborarse unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptaranse medidas que promovan a súa inclusión.
A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica deapoio educativo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | | | | X | | | | |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | | | | X | X | | | |
| ET.8 - A creatividade. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | X |
| ET.8 - A creatividade. | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Valorarase a oferta de actividades organizada por diversas institucións. | Exposicións, representacións teatrais etc. | X | X | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización), correspóndense co previsto na Programación. |
| 3. Os resultados de avaliación son os esperados, tendo en conta o traballo e actitude mostrada polo alumnado. |
| 10. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude do alumnado, e reflicten as medidas adoptadas durante o curso. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| 2. Os prazos de entrega das tarefas corrixidas e das probas son axeitados. |
| 5. Os materiais e recursos empregados son interesantes e motivadores para o alumnado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 6. A aula conta con recursos dixitais (ordenador, proxector) e un mantemento que permite empregalos cando se necesitan. |
| 7. Pódese acceder ás horas necesarias a unha das aulas de informática, para que o alumnado realice actividades e tarefas. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 4. Detéctase con rapidez o alumnado NEAE e póñense en marcha as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación. |
| Clima de traballo na aula |
| 8. Conséguese un bo ambiente de traballo na aula. |
| 9. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na Programación. |

**Descrición:**

1. Para avaliar este indicador de logro, revisaránse con regularidade que os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os establecidos na programación. As posibles modificacións e as súas causas serán recollidas na memoria final de curso e serán tidas en conta na elaboración da programacióndo próximo curso. En concreto, observarase se o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe pode seguir o ritmo de traballo na aula e, ao mesmo tempo, proporanse actividades alternativas para o alumnado con maior rendemento.
2. Este indicador mide a eficacia dos instrumentos de avaliación, tentando que transcorra o menor tempo posible entre a realización das tarefas e probas e a súa corrección.
3. Por medio deste indicador analizamos se as previsións dos resultados de avaliación, a partir da observación do traballo na aula, correspóndense coa cualificación obtida polo alumnado na avaliación. En caso de que haxa unha diverxencia significativa, reconsiderarase o sistema de traballo na aula. No caso de dedectar dificultades, revisaremos e reforzaremos aspectos básicos, antes de seguir con novos contidos.
4. Detéctase con celeridade o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e realízase a coordinación coa Titoría e co Departamento de Orientación.
5. Por medio deste indicador avaliamos se os materiais e recursos empregados son instrumentos útiles para conseguir unha maior motivación do alumnado e unha mellora na súa aprendizaxe.
6. 7. Este indicador permite avaliar se os recursos do Centro son axeitados para poder levar a cabo un bo desenvolvemento da materia, tendo en conta a súa dispoñibilidade e funcionamento.
8. Observarase o ambiente na aula para propiciar un bo clima de traballo, adoptando as medidas necesarias para acadar este obxectivo: colocación específica do alumnado na aula, fomento de estratexias e actividades colaborativas, mediación etc.
9. Este indicador será avaliado por medio dun cuestionario anónimo despois de cada avaliación e ao final de curso.
10. Este indicador pretende medir o acerto da observación do traballo na aula e afectividade das medidas adoptadas ao longo do curso, para mellorar o rendemento do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Seguimento: ao longo de cada trimestre, revisarase o desenvolvemento da programación elaborada en PROENS, tomando nota das posibles modificacóns.
2. Avaliación. Para avaliar a programación ao final de curso teranse en conta os seguintes aspectos:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, motivos das modificacións.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se recollerán na memoria final e na programación do vindeiro curso.

## 9. Outros apartados